

SEPARACIÓN DOS COMPOÑENTES DUNHA MESTURA HETEROXÉNEA

Na natureza a maior parte das cousas que nos atopamos son mesturas, e pode resultar interesante obter as substancias puras que compoñen a mestura. Para separar os compoñentes dunha mestura utilizaremos as distintas propiedades físicas que teñen .



Obxectivo: Separar os compoñentes dunha mestura.

Material: Mestura formada por area, anacos de ferro e sal común, imán, vaso de precipitados, funil, papel de filtro, varíña axitadora, placa calefactora, funil de decantación.

a) Mestura de area, sal e anacos de ferro

Procedemento:

- 1- Separación magnética: con axuda dun imán separamos os anacos de ferro, facendo uso de que o ferro ten propiedades magnéticas e o resto dos compoñentes non.
- 2- Para separar a area do sal recorremos á súa solubilidade en auga: sabemos que a area non se dissolve en auga e o sal si. Engadimos auga e axitamos ata que se disolva o sal
- 3- Filtración: faise pasar a mestura a través dun papel de filtro colocado nun funil. A area quedará retida no papel de filtro e a disolución de auga con sal pasará ó seu través.
- 4- Evaporación a sequeidade: para recuperar o sal disolvido na auga, evapórase a auga quentando a disolución ata que esta desapareza, quedando o sal.




b) Mestura de auga e aceite

Procedemento

O aceite e a auga vanse separar facendo uso da súa diferente densidade e de que son líquidos inmiscibles.

Vaise realizar unha **decantación:** Utilízase un funil de decantación, que consiste nun recipiente provisto dunha chave na súa parte inferior. Ó abrir a chave pasa primeiro o líquido máis denso (auga), e cando este se acaba péchase a chave, quedando o líquido menos denso (aceite) retido no funil.



ACTIVIDADES

- 1- Explica o que fixeches no laboratorio.
- 2- Debuxa cada unha das técnicas utilizadas poñéndolle o nome a todos os utensilios que utilizaches.
- 3- Indica en que propiedade te baseaches para facer a separación en cada caso.